



# FERVENZAS DO RÍO MESTAS


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** Cerdido-río Mestas: 1,8 km  
Cedeira-río Mestas: 8 km  
Fevenzas: 2 km (total, ida e volta)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 1 hora



Un percorrido para ver tres fervezas no río das Mestas e os seus afluentes, parroquia e concello de Cerdido. O río das Mestas nace en Penela (Montoxo-Cedeira), percorre os lindes entre Cedeira e Cerdido e desemboca na enseada de Esteiro (Ría de Cedeira). Pódese iniciar a ruta en Cerdido ou en Cedeira. Cóllese a estrada que vai dunha poboación á outra e pódese deixar o coche a carón da ponte que cruza o río das Mestas e facer o percorrido a pé desde alí.

**FERVENZA DO RÍO MESTAS**

Unha sucesión de rápidos e pequenas fervezas en rochas metamórficas. A máis grande ten 2 m de altura.

**COMO CHEGAR:** na estrada Cerdido a Cedeira, antes de cruzar o río hai un camiño á esquerda que vai á ferveza (debaixo da ponte).

## FERVENZA DE CARBALLEIRO

O río Pontellas, afluente do Río Porto do Cabo (que á súa vez desemboca no río das Mestas) forma unha ferveza cun amplo fronte en rochas metamórficas duns 10 m de altura. Ao seu carón hai un muíño.



**COMO CHEGAR:**

despois de pasar a ponte do río Mestas (en dirección a Cerdido) hai un camiño á dereita e a uns 50 m baixa outro camiño á dereita que vai ata a ferveza e un muíño.

## FERVENZA DO FORTE

O río Pombeiro ou Porto do Cabo, xusto antes de xuntarse co Pontellas, ten un pequeno tramo encaixado con rápidos, fervezas e covas en rochas metamórficas,

**COMO CHEGAR:** séguese o camiño ata unha minicentral e desde alí río arriba.



Ferveza do río das Mestas



Ferveza de Carballeiro



Ferveza do Forte